

EDITORIAL

Xusto no momento no que sae do prelo o número 12 da revista QUINTANA, puidera dicirse que se abre unha nova etapa que ven determinada polo relevo na súa dirección, unha vez que a que foi a súa directora dende os comezos, a profesora María Luisa Sobrino Manzanares, tivo que cesar no cargo ao poñer fin á súa traxectoria académica. Isto non quere dicir, non obstante, que sexa necesario un cambio de rumbo no xa establecido; todo o contrario, o modelo que foise acadando en QUINTANA segue a ser perfectamente válido a día de hoxe, os seus contidos científicos continúan despertando grande interese, e nada mellor, por conseguinte, que manter o sistema de selección de artigos xa coñecido e a organización xeral que a caracteriza e que fixo de QUINTANA unha das revistas máis valoradas da súa especialidade, como ven de confirmar o feito de que fose admitida, e cunha alta consideración, en 21 bases de datos nacionais e estranxeiras e, recentemente, no SJR, SCImago Journal & Country Rank, e no European Reference Index for the Humanities, ERIH, da European Science Foundation que esixen uns criterios de calidade moi estritos e selectivos.

Precisamente por todo isto, QUINTANA permanece fiel a todas as súas seccións que só se renovan ano a ano nos seus contidos. Así, o novo número da revista que presentamos está dedicado ao Tema monográfico Arredor da mirada, ao que foron invitados moi recoñecidos investigadores que abordan a cuestión dende ángulos e miradas moi diferentes, tal como demostran as contribucións de José Manuel Vázquez Varela, Didier Martens, Víctor I. Stoichita e José Luís Castro de Paz, que abranguen dende a visión prehistórica ata o mundo do Renacemento ou a cuestións que teñen que ver con temas vinculados coa cinematografía.

Pola súa banda, a sección de Colaboracións, sempre aberta pola súa propia natureza a outras formulacións máis libres e heteroxéneas, inclúe esta vez traballos moi singulares como os de Gladys Noemí Arana López, Xosé Antón Castro Fernández, Juan David Díaz López, Francisco Juan García Gómez, Jorge Martínez Montero, Iván Rega Castro, Jesús Ángel Sánchez García, Bárbara Santos Mato e Carlos Tejo Veloso, interesados en estudar aspectos que teñen que ver coa arquitectura mexicana e nacional nas súas tipoloxías, tradicións, usos e diferentes cerimonias representativas do ámbito cortesán, os conxuntos históricos galegos, o labirinto de Pontevedra ideado por Robert Morris, o cine a través de realizadores como Enrico María Salerno ou Jacques Demy, ou a XVIII Bienal de Sidney que constitúe todo un referente da arte contemporánea máis actual, vista curiosamente dende as nosas antipodas.

Non falta, claro está, o apartado, xa clásico, de Escritos sobre... que se dedica a rescatar un texto pouco coñecido do cineasta galego exiliado en México Carlos Velo, titulado "Ritmo e Cinema" que é posto en valor e analizado con precisión por Ángel Luís Hueso Montón.

Feitos e tendencias, outro apartado habitual da revista, aborda a realidade de exposicións de última hora e de novas maneiras de ver arte en certas formas do posthumor que comentan Roque Lazcano e José Luís Vila Leirós.

Finalmente a revista conclúe cun longo repertorio de Reseñas críticas que abranguen todo tipo de obras, tempos e autores, polo que cabe afirmar que estamos ante un número de QUINTANA de grande interese, que ofrece a lectores e estudosos un atractivo elenco de investigadores, metodoloxías e diferentes contidos históricos e críticos que resultan en efecto moi variados.

Para concluir só resta sinalar unhas mencións de agradecemento imprescindibles. Á directora saínte María Luisa Sobrino Manzanares por levar QUINTANA a uns niveis de calidade poucas veces imaxinados nos 12 anos da súa existencia; así mesmo a todos os membros do comité de redacción e ao Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago polo apoio constante na programación e desenvolvemento de cada número; ao persoal da imprenta da Deputación Provincial porque realizou un traballo de maquetación e impresión realmente excelente, igualmente a Isabel Vila Vilas, responsable institucional da mesma, por ser unha eficaz interlocutora no proceso de edición que deu como resultado o que aquí vemos; e claro está, tamén o noso agradecemento a Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, pois sen o apoio da institución provincial, que xa remonta a once anos atrás, non tivese sido posible que este número vira a luz, o que pon de manifesto o compromiso da Deputación no que é e supón QUINTANA como realidade cultural, científica e universitaria. Polo tanto, a todos eles, as nosas máis sinceras grazas así como a todos os investigadores e colaboradores que fixeron posible a realización deste novo número.

Alfredo Vigo Trasancos
Director de QUINTANA